

Resolución reitoral do 5 de febreiro de 2025 pola que se desenvolve o Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de grao e máster da Universidade de Santiago de Compostela ao abeiro do Real decreto 822/2021, de 28 de febreiro recolle no seu anexo I punto II o recoñecemento de créditos por participación en actividades deportivas e formativas no eido deportivo.

1. Poderanse recoñecer créditos ao estudiantado de grao que participe nas actividades físico-deportivas e formativas no eido deportivo, supervisadas pola Área Deportiva da USC

Ademais dos **Campionatos de España ou competicións internacionais**, recollidas directamente na Resolución reitoral do 5 de febreiro de 2025, a USC establece, en o recoñecemento de 1 crédito ECTS pola participación noutras competicións autorizadas (Anexo I punto II. 2, d)

A estes efectos considéranse participantes os competidores/as, os adestradores/as e os árbitros/as e xuíces/xuízas

Á vista da proposta da Área Deportiva (AD), cómpre determinar cales son as competicións autorizadas para o curso 2026-27 é por iso que,

esta Reitoría **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- COMPETICIÓN AUTORIZADAS

1.1.- As competicións autorizadas consideradas para o recoñecemento de créditos no curso 2026-27 son os:

XOGOS GALAICO-DURIENSES
CAMPIONATOS GALEGOS UNIVERSITARIOS
LIGAS USC

1.2.- A AD concretará, na publicación das convocatorias de inscrición de cada competición autorizada, a posibilidade de recoñecemento do crédito así como os requisitos e condicións para a súa obtención.

1.3.- En ningún suposto se recoñecerán fraccións de crédito.

1.4.- Soamente se recoñecerán créditos ao alumnado polas competicións autorizadas desenvolvidas durante o tempo en que a/o solicitante estivo matriculada/o nos estudos de grao correspondentes.

SEGUNDO.- REQUISITOS

Para a obtención de créditos pola participación en Competicións Autorizadas o alumnado de grao desta Universidade deberá:

- Nos xogos e campionatos

- Solicitar a participación nos mesmos
- Acudir ás convocatorias de adestramentos
- Participar, representando á USC, na competición autorizada concreta da que se solicitará o recoñecemento.

- Nas Ligas USC

- Acreditar 25 partidos, a estes efectos poderán computarse:
 - Para unha modalidade deportiva durante un mínimo de dous cursos académicos consecutivos.
 - para dúas ou máis modalidades deportivas durante un mínimo dun curso académico, no caso de computarse dous ou máis cursos académicos deberán ser igualmente consecutivos.

Data de aplicación: desde o curso 2024-2025

- Contar co informe favorable da AD.

TERCEIRO.- PROCEDEMENTO DE RECOÑECEMENTO

1.- Finalizada a competición o participante fai a solicitude través da súa [conta de persoa usuaria da AD](#)

2.- A Área Deportiva comproba que se cumpran os requisitos e de non constar informe negativo por parte dos responsables elevará ao delegado do reitor para o Deporte, para a súa sinatura, a certificación de recoñecemento dos créditos.

3.- O alumnado, en caso de querer incluír os créditos recoñecidos no seu expediente, deberá solicitalo a través da [sede electrónica](#), achegando a devandita acreditación, á Unidade de Xestión Académica correspondente.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A REITORA,

(P.D. de sinatura da reitora, R.R. 8 de maio de 2026)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANA CABANA IGLESIA,

VICERREITORA DE CULTURA LINGUA E PATRIMONIO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
27/08/2026 14:07:34.

CSV: 48C8-755F-4BF2-B51E